'DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA'

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

A Constitución Española, o Estatuto de Autonomía de Galicia e a Lei de normalización lingüística significaron un cambio fundamental no ordenamento xurídico das linguas e recoñeceron o galego como idioma propio e oficial de Galicia.

As consecuencias desa declaración de oficialidade para o ámbito da xustiza recóllense no artigo 7 da Lei de normalización e no 231 da Lei orgánica do poder xudicial, nos que se establece que as actuacións xudiciais serán válidas e producirán os seus efectos sexa cal for a lingua oficial empregada e que a cidadanía, as e os profesionais do dereito ou da peritaxe que desenvolven o seu labor neste ámbito, así como as testemuñas teñen dereito a usar o galego oralmente e por escrito nas súas actuacións perante os órganos xurisdicionais de Galicia sen ningunha limitación.

Como a Lei de normalización lingüística recoñece, o devir histórico do noso país e o dilatado período de tempo durante o que o uso da lingua galega se viu arredado do mundo da xustiza esixen un proceso de normalización e que o Ministerio de Xustiza, a Consellería de Presidencia, as oficinas xudiciais e as e os profesionais do dereito (en especial, da avogacía) realicen un esforzo específico para facermos real e efectiva a liberdade e a igualdade da cidadanía galegofalante, de xeito que se poida utilizar verbalmente e por escrito, sen ningunha clase de atranco ou prevención e sen que comporte demoras indebidas na tramitación dos procesos.

Nese marco, a Irmandade Xurídica Galega, a Xunta de Galicia, a Deputación Provincial de Pontevedra e os concellos asinantes, así como as persoas que interveñen en representación e defensa delas, consideran de especial importancia o relevante papel que as corporacións locais xogan no proceso de normalización, como se establece no artigo 7 da Lei de Administración local de Galicia.

Por esa razón, o exemplo e a coherencia lingüística das corporacións locais e do persoal letrado que para elas traballan é fundamental e o compromiso público das persoas que desempeñan cargos en alcaldías e concellarías ou das que lles prestan servizo como profesionais do dereito é inescusable.

Polo exposto, as persoas que asinamos, as autoridades locais da provincia da Pontevedra, declaramos e acordamos formal e solemnemente o seguinte

'DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA'

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

COMPROMISO

Primeiro. Continuarmos contribuíndo á normalización do uso oral e escrito do galego como lingua do dereito, das relacións xurídicas e dos procesos xudiciais nos que interveñan as corporacións ás que representamos.

Segundo. Impulsarmos que as representacións procesuais das nosas corporacións soliciten dos xulgados e tribunais, ao abeiro do artigo 7 da Lei de normalización lingüística, que se lles notifiquen en lingua galega as resolucións que lles afecten.

Terceiro. Garantirmos que os procedementos de licitación para adxudicarlles os servizos de representación e defensa xurídica ás persoas profesionais externas inclúan unha cláusula na que figure que as actuacións procesuais que se realicen en nome das corporacións, dentro do territorio de Galicia, serán en lingua galega.

Pontevedra, 14 de xaneiro 2023

Carmela Silva Rego
PRESIDENTA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Valentín García
SECRETARIO XERAL DE POLÍTICA LINGÜÍSTICA DA XUNTA DE GALICIA

María Ortega Iñarrea
DEPUTADA DE LINGUA DA DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Xaquín Monteagudo
PRESIDENTE DA IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA

Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

'DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA'

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

CONCELLO DE LALÍN

CONCELLO DE SILLEDA

CONCELLO DE FORCAREI

CONCELLO DE VALGA

CONCELLO DE CALDAS

CONCELLO DE PORTAS

CONCELLO DE CUNTIS

DEPUTACIÓN PONTEVEDRA

XUNTA DE GALICIA

Asociación de Funcionarios para a Normalización Lingüística

IRMANDADE XURÍDICA GALEGA

'DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA'

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

CONCELLO DE VILAGARCÍA

CONCELLO DE CAMBADOS

CONCELLO DA ILLA DE AROUSA

CONCELLO DE MEIS

CONCELLO DE SANXENXO

CONCELLO DE POIO

CONCELLO DE PONTE CALDELAS

CONCELLO DE CERDEDO-COTOBADE

CONCELLO DE BARRO

‘DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA’

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

CONCELLO DE BUEU

CONCELLO DE MOAÑA

CONCELLO DE CANGAS

CONCELLO DE SOUTOMAIOR

CONCELLO DE REDONDELA

CONCELLO DO PORRIÑO



CONCELLO DE MOS

CONCELLO DE SALCEDA DE CASELAS

‘DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA’

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

CONCELLO DE NIGRÁN

CONCELLO DE BAIONA

CONCELLO DE GONDOMAR

CONCELLO DE TUI

CONCELLO DE A GUARDA

CONCELLO DE TOMIÑO

CONCELLO DO ROSAL

‘DECLARACIÓN DE PONTEVEDRA’

POLA GALEGUIZACIÓN XURÍDICA DOS CONCELLOS DA PROVINCIA

CONCELLO DE MONDARIZ



CONCELLO DE MONDARIZ BALNEARIO



CONCELLO DE PONTEAREAS



CONCELLO DE AS NEVES